

**Admisión ESO/BACHARELATO curso 2024/25****Normativa reguladora do procedemento:**

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Prazos do proceso de admisión e matrícula:

Presentación de reserva no centro adscrito: do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro

Publicación da listaxe do alumnado con posto reservado: 22 de febreiro

Renuncia ao posto no centro adscrito: antes do 28 de febreiro.

Presentación da solicitude de admisión: do 1 ó 20 de marzo

Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo

Alegados: 21 de marzo ao 8 de abril

Data de publicación da listaxe provisional de admitidos: 25 de abril

Prazo de reclamacións á listaxe provisional: 26 de abril ao 3 de maio

Data de publicación definitiva de admitidos: 15 de maio

Prazo de formalización da matrícula: 24 de xuño ao 8 de xullo

Centros adscritos:

- CEIP Emilia Pardo Bazán
- CEIP Ramón y Cajal

Información sobre o proceso:

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar; e **deberá estar asinada por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras e xuntar o documento asinado co consentimento da outra (Anexo II-bis)**

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro "Supostos específicos" da nova solicitude que deberá presentarse en prazo (do 1 ao 20 de marzo).

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e indicará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

Documentación a achegar no momento da solicitude de admisión:

1. Solicitude (anexo II).
2. Copia do DNI do/da alumno/a de ámbolos dous proxenitores.
3. Certificado/volante empadramento familiar.
4. Documentación de condición de familia **numerosa** (Libro de familia numerosa) ou condición de familia **monoparental** (Certificación de recoñecemento da Direc. Xeral de Familia, da Consellería de Política Social, Xunta de Galicia) ou pola autoridade competente doutras administracións públicas) de se-lo caso. Nos casos restantes farase a consulta de oficio pola Administración se non se denega a dita consulta.
5. **Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, de se-lo caso (1ª folla da sentenza e da folla onde figura a custodia)**
6. Renda: Debe consignarse a cantidade que figura nas casillas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) do ano 2022. De non autorizar a consulta deberá presentar fotocopia desta.

- **Ademáis deberán achegar tamén:**

• **Alumnado que accede a ESO:** Certificado de matrícula e folla de optativas

• **Alumnado que accede a BACHARELATO:** Certificado de notas de 3º da ESO ou titulación alegada, certificado de matrícula do curso actual e folla e optativas

• **Artigos 7.2 e 7.3 da Orde de 21 de outubro de 2022** "A falta de emenda das deficiencias detectadas na solicitude impedirá participar no procedemento de baremo dos criterios de admisión alegados". "A falta ou insuficiente acreditación dun criterio impedirá a súa valoración para os efectos de fixar a puntuación determinante da orde de prelación"

INDICADOR PÚBLICO DA RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES (IPREM): 6948,24 EUROS (D.A. centésima vixésima primeira da Lei 22/2021 de Orzamentos Xerais do Estado para 2022. BOE do 28 de decembro de 2021)